

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DO INTERIOR

**15919** *REAL DECRETO 1468/2008, do 5 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia. («BOE» 239, do 3-10-2008.)*

O artigo 5 da Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil, obriga o Goberno a establecer un catálogo das actividades de toda orde que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia, e a obriga dos titulares dos centros, establecementos e dependencias ou medios análogos onde se realicen tales actividades de dispor dun sistema de autoprotección, dotado cos seus propios recursos, para accións de prevención de riscos, alarma, evacuación e socorro.

Por outra parte, o artigo 6 da citada lei establece que o Goberno, por proposta do Ministerio do Interior, logo do informe da Comisión Nacional de Protección Civil, establecerá as directrices básicas para regular a autoprotección.

En execución do previsto nos preceptos anteriormente mencionados, mediante o Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, aprobouse a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia (norma básica de autoprotección).

O Goberno da Generalitat de Cataluña acordou, na súa reunión do 22 de maio de 2007, formular un requirimento de incompetencia ao Goberno da Nación en relación cos artigos 2.1, 3.1, 6.d), 8 e a disposición derradeira segunda do Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, así como os puntos 1.1, 1.3.1.d) e 2 da norma básica de autoprotección aprobada mediante o citado real decreto.

O requirimento de incompetencia concretábase en solicitar do Goberno da Nación que acorde «a derrogación dos citados preceptos ou, subsidiariamente, acorde engadir unha nova disposición ao Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, en que se determine que será de aplicación nas comunidades autónomas que asumiron competencias de carácter exclusivo en materia de protección civil, unicamente nos termos que resulten dos seus respectivos estatutos de autonomía».

A competencia do Estado para establecer unha norma básica de autoprotección ampárase nos artigos 5 e 6 da Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sinalados anteriormente, sobre cuxa constitucionalidade se pronunciou expresamente o Tribunal Constitucional na súa sentenza 133/1990, do 19 de xullo, por se tratar dunha materia regulada polo Estado ao abeiro da súa competencia

exclusiva en materia de seguranza pública prevista no artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución.

Tendo en conta os antecedentes legais e a doutrina constitucional anteriormente mencionados, o 22 de xuño de 2007 o Consello de Ministros deu contestación ao requirimento de incompetencia, na cal considera, con carácter xeral, que o Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, non invade competencias das comunidades autónomas, sen prexuízo de que se reformen unha serie de preceptos do citado real decreto, coa exclusiva finalidade de reforzar a conciliación da lexislación estatal en materia de protección civil coas competencias exclusivas que as comunidades autónomas posúen en materia de autoorganización e protección civil.

Por isto, mediante este real decreto refórmanse os artigos 6.d), 8 e a disposición derradeira segunda do Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, así como a alínea 1.3.1.d) da norma básica de autoprotección no sentido que se sinala a seguir:

O artigo 6.d) do Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, que lle atribúe á Comisión Nacional de Protección Civil a función de «emitir informe preceptivamente sobre os proxectos de normas de autoprotección que afecten a seguranza de persoas e bens», modifícase para puntualizar que tal Comisión só emitirá informe sobre as normas de autoprotección de ámbito estatal (polo tanto, non emitirá informe sobre as normas de autoprotección de ámbito autonómico).

O artigo 8 do Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, establece obrigas de vixilancia, inspección e control para os órganos competentes en materia de protección civil e outorgamento de licenzas ou permisos de actividade.

Co obxecto de que non se poida considerar que este artigo vulnera as competencias de autoorganización das comunidades autónomas, quedará redactado atribuíndo competencias de vixilancia, inspección e control ás administracións públicas competentes. Xa que logo, suprimense as alíneas a) e b), que establecían as citadas obrigas en relación cos órganos competentes en materia de protección civil e outorgamento de licenzas ou permisos de actividade.

A disposición derradeira segunda do Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, habilita as comunidades autónomas e as entidades locais para estableceren, en desenvolvemento da norma básica de autoprotección, os seus propios catálogos de actividades obrigadas a establecer un sistema de autoprotección.

Este real decreto suprime a habilitación ás comunidades autónomas, de maneira que a dita disposición derradeira só se aplicará ás entidades locais.

Finalmente, modifícase o punto 1.3.1.d) da norma básica de autoprotección, aprobada polo Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, que, na actualidade, considera a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias «punto de contacto nacional e autoridade competente» en todo o relativo a autoprotección en relación coa Unión Europea e outros organismos internacionais.

Co obxecto de que quede meridianamente claro que a citada alínea non pretende interferir nas competencias estatutarias que asumisen as comunidades autónomas en materia de protección civil, suprímese a referencia a «autoridade competente», de maneira que a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias só terá a condición de «punto de contacto».

No proceso de tramitación deste real decreto participou a Comisión Nacional de Protección Civil, mediante a emisión do seu informe preceptivo, de conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, de protección civil.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de setembro de 2008,

#### DISPÓN O :

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.*

Un. A alínea d) do artigo 6 do real decreto quedará redactada da seguinte forma:

«d) Emitir informe preceptivamente sobre os proxectos de normas de autoprotección de ámbito estatal que afecten a seguranza de persoas e bens.»

Dous. O artigo 8 do Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, quedará redactado da seguinte forma:

«As administracións públicas, no ámbito da autoprotección, exercerán funcións de vixilancia, inspección e control, e velarán polo cumprimento das exixencias contidas na norma básica de autoprotección.»

Tres. A disposición derradeira segunda do Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, quedará redactada da seguinte forma:

«Disposición derradeira segunda. *Atribucións das entidades locais.*

As entidades locais poderán ditar, dentro do ámbito das súas competencias e en desenvolvemento do disposto con carácter mínimo nesta norma básica de autoprotección, as disposicións necesarias para estableceren os seus propios catálogos de actividades susceptibles de xerar riscos colectivos ou de resultar afectadas por eles, así como as obrigas de autoprotección que se prevean para cada caso. En particular, poderán estender as obrigas de autoprotección a actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias onde se desenvolven actividades non incluídas no anexo I da norma básica de autoprotección, así como desenvolver os procedementos de control e inspección dos plans de autoprotección.»

**Artigo segundo.** *Modificación da norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, aprobada polo Real decreto 393/2007, do 23 de marzo.*

O punto 1.3.1.d) da norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados

a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia quedará redactada da seguinte forma:

«d) Constituírse como punto de contacto en todo o relativo á autoprotección en relación coa Unión Europea e outros organismos internacionais.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de setembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,  
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**15921** *ORDE ITC/2761/2008, do 26 de setembro, pola que se amplía o prazo establecido na disposición transitoria segunda da Orde ITC/71/2007, do 22 de xaneiro, pola que se modifica o anexo da Orde do 28 de xullo de 1980 pola que se aproban as normas e instrucións técnicas complementarias para a homologación de paneis solares. («BOE» 239, do 3-10-2008.)*

A Orde ITC/71/2007, do 22 de xaneiro, pola que se modifica o anexo da Orde do 28 de xullo de 1980 pola que se aproban as normas e instrucións técnicas complementarias para a homologación de paneis solares, establece na súa disposición transitoria segunda un prazo de doce meses desde a súa entrada en vigor, que se produciu o día 27 de xaneiro de 2007, durante o cal, para a certificación dos sistemas solares prefabricados, se aceptaban os ensaios do captador de forma independente ao conxunto do sistema. Pola contra, unha vez vencido o prazo, todos os sistemas prefabricados deben, segundo a citada disposición transitoria, someterse, para efectos de certificación, aos ensaios establecidos na norma UNE-EN-12976, que exige que os ensaios do captador se realicen de maneira conxunta co sistema.

Sendo estes os prazos previstos na Orde ITC/71/2007, do 22 de xaneiro, a existencia dun inxente incremento no número de solicitudes de certificación de paneis solares impediu que un gran número de sistemas solares prefabricados fosen certificados mediante ensaios do captador de forma independente ao conxunto do sistema, tal e como permitía a disposición transitoria segunda da Orde ITC/71/2007, do 22 de xaneiro. Ante esta eventualidade, considérase necesario abordar a cuestión de tal maneira que os axentes poidan cumprir coa normativa mediante unha ampliación do prazo establecido na citada disposición transitoria.

Na súa virtude, dispoño:

**Artigo único.** *Período transitorio.*

A disposición transitoria segunda da Orde ITC/71/2007, do 22 de xaneiro, pola que se modifica o anexo da Orde do 28 de xullo de 1980 pola que se aproban as normas e instrucións técnicas complementarias para a homologación